

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 20 de outubro de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 20/10/2021
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 20/10/2021
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro para o curso 2021/2022 e novos aforos.
- V. Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola:
 - a. R1-DO0203 P1 Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2021-2022
 - b. R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial do curso 2020-2021.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Aula M-212 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores: ordinaria celebrada o 7 de xullo de 2021 e extraordinaria celebrada o 1 de outubro de 2021.**

Os borradores das actas achegáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

En relación á composición da Xunta de Escola para o curso 2021/2022 informa sobre as incorporacións (PDI: Bienvenido Diez) e as baixas (PDI: Pedro Arias, Leandro Rodríguez e Daniel Villanueva; PAS: Miguel García Eirín; Estudantado: Nuria Antonio e Pablo Leite) nos diferentes sectores e indica que nos próximos días se habilitará o proceso para cubrir as baixas. Agradece a súa participación na Xunta de Escola ás persoas que causaron baixa e da a benvida á persoa que se incorpora.

3. Nomeamento, se procede, do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

A Directora sinala que hai tres candidatos que cumpren os requisitos para optar ao premio (2 no GEE e 1 no GERME) polo que é necesario nomear tribunal para ambos graos. Aмосa a proposta da dirección:

- Tribunal para o Grao en ERME:
 - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
 - Vocal: María Araújo Fernández (Coordinadora do Grao en ERME)
 - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE)
- Tribunal para o Grao en EE:
 - Presidenta: Elena Alonso Prieto (Directora da emE)
 - Vocal: Francisco Deive Herva (Coordinador do Grao en EE)
 - Secretario: Guillermo García Lomba (Secretario da emE).

Apróbase por asentimento a configuración dos tribunais.

4. Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro para o curso 2021/2022.

A Directora sinala as variacións que recolle o plan proposto (Anexo IV) con respecto ao plan vixente e indica os novos aforos.

A Xunta de Escola aproba o plan por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2021/2022.

A Directora cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, quen explica o proceso seguido. Sinala que se achegaron varias solicitudes que non se poden ter en conta nesta partida: as relativas a software, que corresponden á partida de arrendamento de licenzas (capítulo 20), e a electrificación do laboratorio L102.

As demais solicitudes foron tidas en conta excepto un microscopio de 7788,82€ que os solicitantes indicaron que non era prioritario e unha parte da balanza solicitada por la profesora Ana Rodríguez (5674.90€, cofinanciado con 1000€ dos fondos do Departamento

de Enxeñaría Química). Na seguinte táboa se recolle a proposta final de asignación, quedando un remanente de 910,32€ que se transfiren a outras partidas do centro.

Solicitante	Concepto	Precio final (IVA Inc.)
Dirección EEME	20 Ordenadores aula 0	11751,62 €
Remedios Yáñez	Placa axitadora	907,50 €
Jorge Marcos Acevedo	Material eléctrico	797,34 €
Ana Rodríguez Rodríguez	Balanza	4674,90 €
María Araujo e Iago Pozo	Tamizadora	2044,90 €
	Ensaio de arena	336,38 €
	Total	20512,64 €

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de asignación de equipamento.

A Directora agradece o traballo realizado por Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos.

6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que se trata de aprobar dous rexistros do procedemento de calidade *DO-0203 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo*:

- R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2021-2022.
- R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021.

A Directora amosa e comenta, en primeiro lugar, o Informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021.

A continuación sinala a necesidade de acometer a actualización do Plan de Acción Tutorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) do centro, no marco do novo procedemento DO0203 aprobado o curso pasado, integrando o ANEAE como parte do PAT. Ademais, lembra que xa se tiña detectado un desfase entre as accións recollidas no PAT e as que en realidade se estaban a desenvolver, que tamén motiva a reformulación do PAT.

A Presidenta sinala as principais novidades do plan que se achegou con antelación e unhas pequenas modificacións propostas pola Coordinadora MEET-PIUNE, Ángeles Domínguez. Finalmente indica que o documento, con estas modificacións, xa foi aprobado pola Comisión de Calidade.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os dous rexistros.

A Directora agradece a Ángeles Domínguez, Coordinadora MEET-PIUNE, e a Ángeles Saavedra, anterior coordinadora, a colaboración durante o proceso de elaboración do documento e as súas suxestións.

7. Rogos e preguntas.

Iago Cuñado, en relación á activación das fontes de auga do centro, pregunta se a do comedor depende da concesión e se se vai activar ou non. A Directora responde que efectivamente depende da concesión e que se lle aplican as restriccións correspondentes a un local de hostelería. En relación á nova Lei de Universidades, pregunta se podería afectar ao acordado para o acceso ao máster de industriais dos egresados do GEE (plan novo). A Directora di que, efectivamente, a nova lei permitiría o acceso pero iso non afecta aos perfís que se establezan e aos créditos de formación complementaria que se esixan. David Patiño menciona a introdución dun máximo de 24ECTS (non poden superar o 20% e para titulacións de 120ECTS serían 24ECTS) que é inferior ao fixado agora, polo que cree que pode afectar. A Directora sinala que recolle o rogo, que se estudará a medida que se vaia tendo máis información e que se informará en próximas reunións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte de outubro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 20/10/2021

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 20/10/2021

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 20/10/2021

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Cabeza Simó, Marta
4. Deive Herva, Francisco Javier
5. Diez Ferrer, José Bienvenido
6. Domínguez Santiago, Ángeles
7. Eguía Oller, Pablo
8. Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
9. García Bastante, Fernando
10. García Lomba, Guillermo
11. Giráldez Pérez, Eduardo
12. González Rodríguez, Elena
13. Liz Marzán, Eduardo
14. Patiño Vilas, David
15. Pérez Pérez, M^a Carmen
16. Rivas Brea, Teresa
17. Rodríguez Rodríguez, Ana María
18. Saavedra González, Ángeles
19. Taboada Castro, Javier
20. Vázquez Dorrió, José Benito
21. Vijande López, Javier

Alumnado

22. Caride Pérez, Marta María
23. Casal Barreiro, Alejandro
24. Cuñado Juncal, Iago
25. Montenegro Vázquez, Iván
26. Parente Artime, Belén

Persoal de Administración e Servizos

27. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia:

- Conde Fontenla, Marcos
- Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
- Pozo Antonio, José Santiago
- Andrés Herguedas, Laura
- Filgueira Sánchez, Carmen

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro para
o curso 2021/2022 e novos aforos

ANEXO V

Documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola:

- a) *R1-DO0203 P1 Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2021-2022*
- b) *R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial do curso 2020-2021*